

IV CONCURSO “IGNACIO LÓPEZ BUENO” DE PRESENTACIÓNS INFORMÁTICAS

A nosa preocupación pola situación actual e o futuro que agarda aos países menos desenvolvidos, lévanos este ano a propoñer un traballo que permita afondar na situación xerada pola deficiente utilización dos seus recursos naturais e coñecer as implicacións que isto conleva .

Por iso,

A Dirección do I.E.S.”TERRA DE TRASANCOS” quere convidalos a participar na IV Edición do Concurso de presentacións informáticas “Ignacio López Bueno” que este ano terá como tema:

“RECURSOS NATURAIS NO 3º MUNDO”

BASES DO CONCURSO:

PARTICIPANTES:

O concurso vai dirixido aos alumnos e alumnas de **ESO, BACHARELATO e CICLOS** que estean matriculados no presente curso en centros de **GALICIA**.

Cada un dos participantes deberá acompañar o seu traballo dun certificado de matrícula nalgún dos centros da nosa Comunidade Autónoma.

TRABALLO:

Consistirá nunha presentación informática na que se poderán incluír fotos, vídeos, música, etc... e que xirará sobre **“RECURSOS NATURAIS NO 3º MUNDO”**

ENTREGA DO TRABALLO:

- Na Secretaría do centro IES “TERRA DE TRASANCOS”
- Por correo ordinario en formato CD ou DVD
- Por correo electrónico, poñendo como asunto: **IV Concurso “Ignacio López Bueno”**

ENDEREZOS:

IES “TERRA DE TRASANCOS”, CAMIÑO REAL s/n C.P. : 15 570 NARÓN.

ies.terra.trasancos@edu.xunta.es

VALORACIÓN DO TRABALLO:

Para a valoración do traballo terase en conta:

- O rigor científico
- Tratamento medioambiental
- Orixinalidade da presentación e dos contidos
- Os aspectos tecnolóxicos e plásticos: efectos, música, animacións, ...
- A calidade lingüística e literaria

DATAS DE PRESENTACIÓN:

Os traballos terán como data límite para a súa presentación o día 1 de Abril do 2011.

PREMIOS:

Haberá dous premios divididos en dúas categorías:

1 premio para alumnos de ESO dotado con DIPLOMA e **150 EUROS** en material informático, audiovisual (cds, películas, etc) ou libros.

1 premio para alumnos de Bacharelato e Ciclos dotado con DIPLOMA e **150 EUROS** en material informático, audiovisual (cds, películas, etc) ou libros.

ENTREGA DE PREMIOS:

O fallo do concurso darase a coñecer o día **12 de Abril do 2011** e será publicado no taboleiro do centro e na páxina web : www.trasancos.net . A entrega dos premios correspondentes realizarase nun acto que se levará a cabo na Sala de Usos Múltiples do centro o día **15 de Abril do 2011 ás 12.10 da mañá**.

XURADO:

Estará constituído polos seguintes membros:

A Xefa de Departamento de Plástica, o Secretario do centro e o Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística.

O fallo será inapelable, podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.

Os traballos presentados non se devolverán e poderán ser publicados na páxina web do Instituto.